



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 21 de agosto de 2020

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font (videoconferencia)
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, de xeito presencial e por videoconferencia (Sr. López Font), sendo as catorce horas e quince minutos do día vinte e un de agosto do ano dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admon. Municipal, Sra. Gallardo Fariña e o interventor xeral municipal, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(654).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(655).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POLA EMPRESA ALCOR SERVICIOS AUXILIARES, S.L., NA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 3275/611.

Dáse conta do informe asinado en data 21/08/2020, pola xefa do servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de área:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRJSP)
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Regulamento (CE) nº 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007 polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o vocabulario común para contratos públicos (CPV)), e as Directivas 2004/17 / CE e 2004/18 / CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos para os contratos públicos, con respecto á revisión do CPV.



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto dos servizos de apertura, atención ao público, control, manexo de equipamento técnico das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (PCAP).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 17 de xullo de 2020, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación dos servizos de apertura, atención ao público, control, manexo de equipamento técnico das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes, a autorización do gasto correspondente e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 23 de xullo de 2020 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratación do sector público, comezando o prazo de presentación de ofertas que finalizou o día 19 de agosto de 2020.

Terceiro.- En data 12 de agosto, D. Carlos Somoza Fouces, actuando en nome e representación da mercantil ALCOR SERVICIOS ESPECIALES, S.L. mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia (en adiante TACGAL ou Tribunal), interpón recurso especial en materia de contratación contra o prego de condicións administrativas do procedemento aberto dos servizos de apertura, atención ao público, control, manexo de equipamento técnico das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes.

Cuarto.- En data 19 de agosto de 2020 o TACGAL ditou a Resolución Medida Cautelar nº 48/2020, na que acorda *“Adoptar a medida cautelar de suspensión da contratación para a prestación dos servizos de apertura, atención ao público, control, manexo de equipamento técnico das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, expediente 3275-611 dese Concello. A suspensión non afecta ao prazo de presentación de ofertas, segundo establece o fundamento último desta resolución.”*

Quinto.- Interposto o recurso especial, o servizo de Contratación solicitou informe sobre o seu contido ao servizo xestor. Este foi evacuado en data 21 de agosto de 2020.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o prego de cláusulas administrativas particulares dos servizos de apertura, atención ao público, control, manexo de equipamento técnico das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes, aprobado por acordo da XGL de 17 de xullo de 2020.

-II-

Legislación aplicable

É preciso comezar por determinar a legislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A legislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:



Concello de Vigo

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso prevense nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos neste recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, para os efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo neste informe no caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a non admisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, os pregos de cláusulas administrativas particulares son actos susceptibles de recurso.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha



Concello de Vigo

lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recorrer.

O recorrente é indubidable que ostenta lexitimación activa pola súa condición de licitador.

C) Como requisitos formais a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ao que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos requisitos temporais, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

Os pregos e o resto da documentación contractual publicáronse no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do sector público o 23 de xullo de 2020. A presentación do escrito de recurso en data 12 de agosto de 2020 prodúcese dentro do prazo de quince días hábiles para a interposición do mesmo.

Podemos concluir, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do presente recurso especial.

-V-

Motivos de impugnación dos pregos de cláusulas administrativas particulares, técnicos e memoria xustificativa

O recorrente formula dous motivos de impugnación:

1. A inadecuación da fórmula fixada na cláusula 16 do PCAP para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valores unha diminución dos valores propostos pola Administración por non cumprir co principio de proporcionalidade.
2. A esixencia dun seguro de responsabilidade civil no apartado 13.A da FEC considera que vulnera os artigos 1 e 145 da LCSP.

Analizaremos a continuación cada un destes motivos.

1.- A inadecuación da fórmula fixada na cláusula 16 do PCAP para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valores unha diminución dos valores propostos pola Administración

Considera que as citadas fórmulas, que reproduce, non son admisibles por non cumprir *“con el principio de proporcionalidad y reparto equitativo de las puntuaciones. Utilizar fórmulas matemáticas ininteligibles es innecesario, máxime cuando se utiliza para valoración del precio el valor de referencia de las ofertas presentadas que es*



Concello de Vigo

calculado en base a la media de valores de las mismas". Cita en apoio desta tese o informe 4/1997, da Junta Consultiva de Contratación Administrativa de Madrid. E remata considerando que non debería aceptarse unha fórmula que non respete tres principios:

- La mayor baja será la que obtenga la totalidad de puntos del criterio.
- No se tendrán en cuenta relaciones matemáticas que recaigan sobre la baja media de las ofertas.
- La oferta igual al tipo no obtendrá puntuación.

É preciso por de manifesto que, erra o licitador ó afirmar que para o cálculo do valor Vrb, se exclúen ofertas. Non se produce ningunha exclusión de ofertas, se exclúen unicamente para el conteñan valores desproporcionados, serán puntuadas independentemente de que foran excluidas do cálculo para obtener o valor Vrb.

Sobre a formula escollida hemos de dicir que:

- Outorga a maior baixa (sempre que non se elimine por considera-la desproporcionada) a totalidade dos puntos.
- En cuanto a VrB non é una unha baixa media das ofertas, é un valor de referencia para outorgar puntuacións, así se a baixa de alguna oferta fose idéntica a ese valor obtería o 80 % por exemplo 24 puntos dos 30 previstos para a valoración do criterio redución do prezo unitario da hora ordinaria, as baixas inferiores obterían un valor inferior aos 24 puntos e as baixas superiores obterían unha puntuación comprendida entre os 24,01 e os 30 puntos, estos puntos os obtería a oferta máis baixas das admitidas.
- Se ben é certo que a formula do prego outorga 0 puntos a oferta que non ofrezca baixa non hai obriga legal para que esto non sexa así xa que o que se pretende valorar é a diminución do valor proposto pola administración, si non hai tal diminución a puntuación debe ser cero tal e como ocorre con esta formula.

Polo tanto, podemos concluir que erra o licitador ó afirmar que a fórmula empregada non é proporcional, que si o é. Simplemente corrixe a proporcionalidade pura para evitar que en caso de que haxa pouca diferenza de baixa haxa unha gran diferenza de puntos, circunstancia que acontece coa proporcionalidade pura, sobre todo cando son poucos os licitadores. E a fórmula atribúe a totalidade dos puntos ó licitador que oferta a maior baixa e non otorga puntuación á oferta igual o tipo e que polo tanto non oferta baixa. Procede, en consecuencia, propoñer a desestimación desta alegación.

2.- A esixencia dun seguro de responsabilidade civil no apartado 13.A da FEC

A esixencia dun seguro de responsabilidade civil no apartado 13.A da FEC considera que vulnera os artigos 1 e 145 da LCSP.

Con relación a esta alegación límitase a citar os apartados 9 e 13 da FEC, relativos ás garantías e o seguro de responsabilidade civil, e a dicir que *"Sobre este apartado, entendemos que vulnera claramente lo estipulado en el artículo 1 y 145 da LCSP, la*

exigencia de una póliza de RC y de accidentes con esas cantidades mínimas. No está vinculado al objeto del contrato, ni se trata de un contrato de especial riesgo para las personas o las cosas, que de haberlo debería estar justificado en el PCAP o en el expediente de referencia. Por otra parte, la garantía definitiva viene destinada a cubrir este tipo de contingencias, y para ejercer su actividad es obligatoria para las empresas un contrato de seguro de similares características aunque por importe inferior al que exige la citada cláusula”.

O artigo 1 da LCSP regula o obxecto e finalidade da lei e o artigo 145 refírese os “requisitos e clases de criterios de adxudicación do contrato” .

Entendemos que a referencia do licitador ó artigo 1 da LCSP é os principios da contratación recollidos neste precepto: liberdade de acceso ás licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores. Máis non se entende a relación da esixencia dun seguro de responsabilidade civil cos criterios de adxudicación do contrato.

Para reforzar a súa argumentación cita dúas resolucións de tribunais administrativos especiais en materia de contratación:

- Resolución nº 132/2017 do Tribunal Administrativo De Contratación Pública de la Comunidad De Madrid.
- Resolución nº 126/2012 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales.

A primeira destas resolucións non ten relación coa presente alegación pois refírese a esixencia dun seguro de responsabilidade civil para acreditación da solvencia técnica. A segunda delas se limita a afirmar que a esixencia dun seguro de responsabilidade civil para garantir a execución do contrato que complementa a garantía definitiva só será admisible se está xustificada e teña relación co obxecto do contrato. Di a citada resolución que:

La cuestión aquí planteada, exigencia de una póliza de responsabilidad civil -en este caso al adjudicatario- como adicional a la garantía definitiva exigible, ya ha sido resuelta por este Tribunal en diversas resoluciones, algunas de las cuales cita el propio recurrente, en el sentido de anular su exigencia, sin perjuicio de que, tal y como éste Tribunal ha manifestado en su resolución 16/2012 de 11 de enero -respecto del recurso 337/2011 interpuesto también por AESPI-, resulte “admisible exigir al adjudicatario esa garantía excepcional siempre que en el expediente de contratación se justificaran suficientemente las razones por las que debe de exigirse la misma a diferencia de otros contratos similares”.

Sen embargo hai que ter en conta que o seguro de responsabilidade civil non se esixe como garantía da boa execución do contrato, senón para garantir a súa obriga de indemnizar os danos e prexuízos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato, obriga imposta polo artigo 196 da LCSP. Así mesmo, o contratista tamén deberá indemnizar a Administración dos danos que experimente nos seus bens con ocasión da execución do contrato. E por último, rixe na contratación pública o principio de risco e ventura do contratista na execución do contrato, regulado no artigo 197 da LCSP.



Concello de Vigo

Tal e como se pon de manifesto no informe do servizo xestor, de data 21 de agosto de 2020, a execución do contrato ten lugar nunhas instalacións dun gran valor patrimonial e nos eventos celebrados nas mesmas participa numeroso público como se desprende do aforo consignado no seguinte cadro. En caso de que se produzan danos as instalacións ou ó público por mor da actuación do contratista, este deberá responder dos mesmos e a garantía pode non resultar suficiente para cubrir os mesmos.

Di o servizo xestor, no citado informe que:

“Informase sobre o punto de reclamación referido ó aseguramento póliza Responsabilidade Civil por importe de 3.000.000,00 euros.

O importe establecido na memoria xustificativa e no PCAP de 3.000.000,00 euros, ven motivado polas actividades a desenvolver nas instalacións, estas acollen a deportistas no terreo de xogo e a público en grada ou no propio espacio deportivo susceptible de ser usado para outros eventos en función das necesidades do servizo, así coma o valor patrimonial e constructivo das instalacións máis recentes.

E dado o aforo que se indica e o valor dos inmobles en caso de accidentes considera-se que o valor indicado e necesario para poder facer fronte ós eventuais danos.

	INSTALACIÓN DEPORTIVA	VALOR PATRIMONIAL	CAPAC. ESPECTADORES EN GRADA	CON PUBLICO EN ESPACIO DEPORTIVO EN REALIZACIÓN DE EVENTOS	VALOR CONSTRUCTIVO ACTUAL RECIENTE CONSTRUCCIÓN
1	PB. CORUXO	710.473,00 €	320	360	
2	PB. CASTRELOS	674.200,54 €	200	300	
3	PB. BEMBRIVE	718.311,63 €	325	500	
4	PB. LAVADORES	1.274.234,69 €	216	350	
5	PB. SARDOMA	673.853,31 €	250	350	
6	PB. CANDEAN	1.204.335,16 €	300	1500	2.400.000,00
7	PB. TEIS	696.184,61 €	340	260	
8	PB. BOUZAS	719.393,46 €	512	300	2.000.000,00
9	PB. COIA	2.172.690,57 €	440	900	
10	PB. CARBALLAL	230.746,52 €	200	40	
11	PB. VALADARES	330.904,19 €	320	360	
12	CF.CARBALLAL	74.344,16 €	150		
13	PISTA ATLETISMO	1.254.000,69 €	600		
14	PB. ROMIL	413.121,05 €	100	150	1.700.000,00
15	PB. QUIROS	638.010,00 €	400	1500	3.000.000,00
	TOTAL	11.784.803,58 €	4673	6870	9.100.000,00

“

O TACRC, nunha resolución máis recente, a nº 911/2019 admite la posibilidad de incluir un seguro de responsabilidad civil como condición especial de ejecución:

“(...) ha de examinarse si, dado el objeto del contrato cuyos pliegos se impugnan, cabe concluir que la póliza exigida como condición especial de ejecución está o no vinculada con el mismo. Dicho objeto, según resulta de lo establecido en el PCAP y en el PCT es la prestación de determinados servicios de vigilancia, control de acceso de personas, de vehículos en lugar habilitado al efecto, de mercancías y asistencia al personal de la ciudad autónoma. Parece claro que la realización de estos trabajos lleva consigo la generación de un riesgo para persona o bienes y que, se pretende con esta póliza cubrir las responsabilidades en que el adjudicatario pudiera incurrir frente a terceros por la prestación del servicio de vigilancia en la zona. Por ello, resulta razonable exigir al contratista la suscripción de la correspondiente póliza que cubra dicho riesgo. La finalidad que se persigue por la norma es, indudablemente, la de garantizar que los contratistas puedan responder de los daños y perjuicios que puedan causar en la prestación del servicio de vigilancia a terceros y sólo podríamos considerar que no existe vinculación con el objeto del contrato cuando se exige la suscripción de una póliza con un ámbito de cobertura que no es el propio de la ejecución del contrato, alcanzando a riesgos distintos cuya cobertura no se puede imponer al contratista actual algo que consideramos no se produce en el presente caso”.

Así mesmo, a Junta Consultiva de Contratación Administrativa en informe 10/16 de 27 de abril de 2017 “Inclusión en el pliego de póliza de seguros obligatoria para el adjudicatario” admite también a posibilidad de esixir ó contratista un seguro de responsabilidad civil amparándose na autonomía da vontade recollida no artigo 1255 do Código Civil, e no principio de liberdade de pactos que rexe na contratación administrativa, e recollido na actualidade no artigo 34 LCSP. Resulta tamén amparada polo principio de risco e ventura que rexe neste ámbito. Di o citado informe que:



Concello de Vigo

También los tribunales de justicia han ratificado este criterio, entre otras muchas, en la Sentencia de la Audiencia Nacional (Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 1ª) de 3 de julio de 2006, donde afirma la validez de una cláusula que exige la constitución de un seguro. La aplicación del principio de riesgo y ventura puede imputar los efectos indemnizatorios de los daños ocasionados bien al contratista o bien a la entidad pública contratante. Para precaverse de tal eventualidad y asegurar una rápida y eficaz satisfacción del daño causado por el contratista no parece improcedente que los pliegos rectores del contrato puedan exigir como requisito de ejecución del contrato que el contratista disponga de un seguro que garantice aquellos daños.

Es ésta una opción ampliamente empleada en la contratación pública española y que ha tenido su refrendo, por ejemplo, en la doctrina del Consejo de Estado. En efecto, el supremo órgano consultivo en su dictamen de 29 de enero de 2004 alude a un contrato en el que el propio pliego de condiciones técnicas particulares preveía la obligación de que el contratista concertase un seguro de daños, considerando incluso que la meritada cláusula citada no era nula por el hecho de no estar incluida en el pliego de cláusulas administrativas particulares, pues al cumplimiento de la misma se obligaba la contratista por remisión de este pliego.

seguro, señalando que desde que el contratista adjudicatario acepta la adjudicación y firma el contrato suscribe plenamente los pliegos de cláusulas, de modo que aquella obligación formaba parte de lo pactado y constituía la Ley del contrato.

Esta conclusión ha sido admitida también en la doctrina del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales cuando ha conocido de la validez de cláusulas de los pliegos en los que se incluía la exigencia de un seguro de responsabilidad civil como requisito imprescindible para acreditar la solvencia técnica. En su Resolución número 332/2016, de 27 de mayo de 2016, el Tribunal admite la posibilidad de que el órgano de contratación exija en el pliego de cláusulas administrativas particulares la suscripción de un seguro, pero niega que tal circunstancia pueda operar como condición de solvencia. Señala la meritada resolución que *“el artículo 77 del TRLCSP establece de manera taxativa los medios que deben acreditar la solvencia técnica en el contrato de suministro. El órgano de contratación dispone de la facultad de elección de estos medios dentro de los previstos en la Ley. Como este Tribunal ha expresado reiteradamente (Resoluciones núm. 60/2011, de 9 de marzo, 287/2014, de 4 de abril y 730/2015, de 30 de julio) es preciso que los requisitos de solvencia se encuentren entre los establecidos en el TRLCSP según el contrato de que se trate. Sin embargo, la cláusula cuestionada incluye medios de acreditación de la solvencia técnica que no están previstos en dicho precepto legal. Así sucede con el primer requisito, esto es, disponer de un seguro de responsabilidad civil. Este requisito no es un requisito de solvencia técnica, sino económico-financiera, previsto en la letra b) del apartado 1 del artículo 75 del TRLCSP. Además, según dispone el artículo 11.4 a) del Reglamento General de la Ley de*

Contratos de las Administraciones Públicas, aprobado por el Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, en la redacción que a este precepto proporciona el Real Decreto 773/2015, de 28 de agosto, la disposición de un seguro solo es exigible para los contratos cuyo objeto consista en servicios profesionales, lo que no es el caso. La existencia de un seguro podría incluirse como un requisito para la ejecución del contrato, pero no como un requisito de solvencia, por lo que esta exigencia debe ser anulada.”

Polo exposto e, a xuízo da informante, procede desestimar esta alegación.

-VI-

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.



Concello de Vigo

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen a presente licitación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicitou a suspensión do procedemento. O Tribunal, na Resolución de Medida Cautelar nº 48/2020, acorda "Adoptar a medida cautelar de suspensión da contratación para a prestación dos servizos de apertura, atención ao público, control, manexo de equipamento técnico das instalacións e peche das instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, expediente 3275-611 dese Concello. A suspensión non afecta ao prazo de presentación de ofertas, segundo establece o fundamento último desta resolución". Consecuentemente, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas o día 19 de agosto, hai que entender suspenso ó procedemento dende o día 20 de agosto de 2020.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"1º.- Aprobar o presente informe.

2º.- Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia".

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(656).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS REALIZADAS POR EMPRESAS E/OU EMPRESARIOS/AS NO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS “MAR DE VIGO”. EXPTE. 3285/330.

Visto o informe de fiscalización do 19/08/2020, dáse conta do informe-proposta de data 31/07/2020, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, pola secretaria de Admon. Municipal, polo concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Con data 28 de febreiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para a convocatoria, bases reguladoras e extracto de subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” en réxime de concorrencia competitiva.

Con data 29 de maio, apróbanse pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto das citadas subvencións. A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 500.000 € con cargo a partida 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio.

Con data 3 de xuño foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións, estipulándose un prazo de presentación de solicitudes de 20 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO (5 de xuño); por tanto iniciouse o día 6 de xuño e rematou o día 6 de xullo, ambos os dous incluídos.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo, segundo o estipulado na base décimo primeira, polo servizo da Área de Cultura, a través desta xefatura, que unha vez revisadas as solicitudes solicitouse aos/as interesados/as para que, nun prazo de cinco días hábiles, completaran a documentación ou os defectos materiais e formais e achegaran os documentos perceptivos.

Unha vez rematada a instrución do expediente, e conforme a cláusula décima das bases da convocatoria, someteuse en data 24 de xullo á Comisión de Avaliación a valoración das solicitudes presentadas conforme os criterios estipulados na base décima, co seguinte resultado:

ACTIVIDADE	CALIDADE TÉCNICA			VIABILIDADE ECONÓMICA	TRAXECTO-RIA	GASTOS	TOTAL
	PROXECTO	DESTINATARIOS	AVALIACION DE RESULTADOS	Solicita 100%	Ano 2008		
DAVID GUAPO I	15	15	8	0	12	12	62
DEPEDRO	15	15	8	0	12	12	62
GUADI GALEGO	15	15	6	0	12	7	55
COQUE MALLA	15	15	9	0	12	15	66
O PEQUENO REI DA	15	15	4	0	12	7	53



Concello de Vigo

SABANA							
BALLET EL CASCA- NUECES	15	15	8	0	12	12	62
ALABAMA GOSPEL CHOIR	15	15	6	0	12	7	55
NOITES DE RETRAN- CA ESPECIAL NADAL	15	15	8	0	12	7	57
LA GRNJA DE ZENÓN	15	15	8	0	12	15	65
BALLET EL LAGO DE LOS CISNES	15	15	9	0	12	12	63
NOITES DE RETRAN- CA ESPECIAL X ANIV	15	15	10	0	12	10	62
TRIBUTA A BEATLES	15	15	5	0	12	7	54
LA ÚLTIMA TOURNÉ	15	15	6	0	12	7	55
LOS SECRETOS	15	15	10	0	12	12	64
ANDRÉS SUÁREZ	15	15	10	0	12	12	64
LUIS ZAHERA	15	15	5	0	12	3	50
ROBER BODEGAS	15	15	5	0	12	3	50
PABLO LÓPEZ	15	15	10	0	12	12	64
AMARAL	15	15	10	0	12	10	62
ARIEL ROT + FEDERI- CO LECHNER	15	15	5	0	12	7	54
NOITES DE RETRAN- CA	15	15	5	0	12	3	50
M-CLAN	15	15	5	0	12	7	54
COQUE MALLA	15	15	5	0	12	3	50
ÁLEX UBAGO	15	15	5	0	12	7	54
LOVE OF LESBIAN	15	15	10	0	12	10	62
DON PATRICIO	15	15	5	0	12	7	54
JJ VAQUERO	15	15	5	0	12	3	50
ALEJO ESTIVEL+AMARO FE- RREIRO	15	15	5	0	12	7	54
UXÍA+RUIBAL+ANTO- NIO ZAMBUJO	15	15	5	0	12	10	57
MONCHO BORRAJO	15	15	5	0	12	3	50
DAVID SUÁREZ	15	15	5	0	12	3	50
KIKO VENENO	15	15	5	0	12	7	54
CARLOS SADNESS	15	15	10	0	12	7	59
MARLANGO	15	15	5	0	12	3	50
RECYCLED J+KIM- BERLY TELL	15	15	10	0	12	3	55
MISS CAFEINA	15	15	5	0	12	3	50
RODRIGO CUEVAS	15	15	5	0	12	3	50
DAVID GUAPO 2020	15	15	5	0	12	12	59
DANI FERNÁNDEZ	15	15	5	0	12	10	57
VIVA SUECIA	15	15	5	0	12	10	57
Puntuación total							2255

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia (LSG), da información que obra en poder do órgano de instrutor despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Conforme o artigo 7.4 da LSG, a competencia para conceder subvencións nas entidades locais corresponde aos órganos que teñan atribuída na súa normativa específica, correspondendo á Xunta de Goberno Local en virtude do artigo 127.g) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local e da delegación de facultades efectuada por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base décima segunda, apartado 4, das bases, previo informe da Intervención de Fondos, e coa conformidade da secretaria de Administración Municipal e dos concelleiros-delegados da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e de Orzamentos e Facenda, se emite a seguinte:

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Conceder as subvencións para actividades socioculturais realizadas por empresas e/ou empresarios/as no Auditorio-Pazo de Congressos “Mar de Vigo” a favor das entidades e proxecto que se relacionan e polas contías que se detallan, segundo acta de avaliación de data 24 de xullo de 2020, así como dispoñer o gasto e recoñecer a obriga polos importes de ditas axudas que ascenden á cantidade total de **429.635,32 € (CATROCENTOS VINTENOVE MIL SEISCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS)**, con cargo á aplicación 3331.470.0002 do programa orzamentario de Promoción Cultural para o vixente exercicio:

SOLICITANTE	ACTIVIDADE	Puntuación TOTAL	TOTAL N° puntos x 221,72 €	CUSTE DA ACTIVIDADE	Importe máximo subvencionable (90%)	IMPORTE FINAL SUBVENCIONADO
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	DAVID GUAPO I	62	13.746,64 €	23.477,80 €	21.130,02 €	13.746,64 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	DEPEDRO	62	13.746,64 €	21.616,11 €	19.454,50 €	13.746,64 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	GUADI GALEGO	55	12.194,60 €	10.976,15 €	9.878,53 €	9.878,53 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	COQUE MALLA	66	14.633,52 €	34.426,44 €	30.983,80 €	14.633,52 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	O PEQUENO REI DA SABANA	53	11.751,16 €	13.073,46 €	11.766,11 €	11.751,16 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	BALLET EL CASCANUECES	62	13.746,64 €	23.300,05 €	20.970,05 €	13.746,64 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ALABAMA GOSPEL CHOIR	55	12.194,60 €	12.203,17 €	10.982,85 €	10.982,85 €



Concello de Vigo

ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	NOITES DE RETRANCA ESPECIAL NADAL	57	12.638,04 €	13.208,96 €	11.888,06 €	11.888,06 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	LA GRANJA DE ZENÓN	65	14.411,80 €	46.046,89 €	41.442,20 €	14.411,80 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	BALLET EL LAGO DE LOS CISNES	63	13.968,36 €	23.512,62 €	21.161,36 €	13.968,36 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	NOITES DE RETRANCA ESPECIAL X ANIV	62	13.746,64 €	19.324,51 €	17.392,06 €	13.746,64 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	TRIBUTU A BEATLES	54	11.972,88 €	7.091,92 €	6.382,73 €	6.382,73 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	LA ÚLTIMA TOURNÉ	55	12.194,60 €	12.658,06 €	11.392,25 €	11.392,25 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	LOS SECRETOS	64	14.190,08 €	22.200,00 €	19.980,00 €	14.190,08 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ANDRÉS SUÁREZ	64	14.190,08 €	25.500,00 €	22.950,00 €	14.190,08 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	LUIS ZAHERA	50	11.086,00 €	6.525,00 €	5.872,50 €	5.872,50 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ROBER BODEGAS	50	11.086,00 €	6.525,00 €	5.872,50 €	5.872,50 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	PABLO LÓPEZ	64	14.190,08 €	27.600,00 €	24.840,00 €	14.190,08 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	AMARAL	62	13.746,64 €	15.300,00 €	13.770,00 €	13.746,64 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ARIEL ROT + FEDERICO LECHNER	54	11.972,88 €	11.825,00 €	10.642,50 €	10.642,50 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	NOITES DE RETRANCA	50	11.086,00 €	7.125,00 €	6.412,50 €	6.412,50 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	M-CLAN	54	11.972,88 €	9.725,00 €	8.752,50 €	8.752,50 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	COQUE MALLA	50	11.086,00 €	8.825,00 €	7.942,50 €	7.942,50 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ÁLEX UBAGO	54	11.972,88 €	9.725,00 €	8.752,50 €	8.752,50 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	LOVE OF LESBIAN	62	13.746,64 €	16.400,00 €	14.760,00 €	13.746,64 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	DON PATRICIO	54	11.972,88 €	13.875,00 €	12.487,50 €	11.972,88 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	JJ VAQUERO	50	11.086,00 €	6.525,00 €	5.872,50 €	5.872,50 €
ORGANIZACIÓ N DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	ALEJO ESTIVEL+AMARO FERREIRO	54	11.972,88 €	13.025,00 €	11.722,50 €	11.722,50 €

ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	UXÍA+RUIBAL+ANTONIO ZAMBUJO	57	12.638,04 €	15.225,00 €	13.702,50 €	12.638,04 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	MONCHO BORRAJO	50	11.086,00 €	6.675,00 €	6.007,50 €	6.007,50 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	DAVID SUÁREZ	50	11.086,00 €	6.525,00 €	5.872,50 €	5.872,50 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	KIKO VENENO	54	11.972,88 €	11.325,00 €	10.192,50 €	10.192,50 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	CARLOS SADNESS	59	13.081,48 €	12.325,00 €	11.092,50 €	11.092,50 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	MARLANGO	50	11.086,00 €	8.325,00 €	7.492,50 €	7.492,50 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	RECYCLED J+KIMBERLY TELL	55	12.194,60 €	8.825,00 €	7.942,50 €	7.942,50 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	MISS CAFEINA	50	11.086,00 €	8.825,00 €	7.942,50 €	7.942,50 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	RODRIGO CUEVAS	50	11.086,00 €	8.825,00 €	7.942,50 €	7.942,50 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	DAVID GUAPO 2020	59	13.081,48 €	21.200,00 €	19.080,00 €	13.081,48 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	DANI FERNÁNDEZ	57	12.638,04 €	15.225,00 €	13.702,50 €	12.638,04 €
ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO S.L.	VIVA SUECIA	57	12.638,04 €	15.525,00 €	13.972,50 €	12.638,04 €
		2255 ptos	499.978,60 €	600.441,14 €	540.397,02 €	429.635,32 €

SEGUNDO.- De acordo co previsto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicar o presente acordo no portal de transparencia municipal.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao/s interesado/s.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(657).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE ASISTENCIA TÉCNICA E AUXILIARES PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSOS ESPECTÁCULOS/CONCERTOS DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2020”. EXPTE. 8506/335.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización de data 20/08/2020, dáse conta do informe-proposta emitido pola Mesa de Contratación en data 19/08/2020:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto de servizos de produción, asistencia técnica e auxiliares para a realización de diversos espectáculos/concertos a celebrar con motivo do programa "VIGO EN FESTAS 2020" (8506-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 17 de xullo de 2020, a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación urxente do contrato do servizo de produción, asistencia técnica e servizos auxiliares para a realización de concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade dentro do Festival de Verán, con motivo do programa "Vigo en Festas 2020"- Festival de Verán.

Segundo: *Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 17 de xullo de 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 16 de xullo de 2020 pola Xefa do Servizo de Contratación do SERVIZO DE PRODUCCIÓN, ASISTENCIA TÉCNICA E AUXILIARES PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSOS ESPECTÁCULOS/CONCERTOS A CELEBRAR CON MOTIVO DO PROGRAMA "VIGO EN FESTAS 2020"*

Terceiro: *Autorizar o gasto polo importe base de licitación 95.772,26 € €, e sendo o valor estimado do contrato de 79.150,62 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)*

Cuarto: *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 7 de agosto de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto de servizos de produción, asistencia técnica e auxiliares para a realización de diversos espectáculos/concertos a celebrar con motivo do programa “VIGO EN FESTAS 2020” (8506-335) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	FLUGE GALICIA S.L	52
2	SOLIMUSIC EVENTS SLU	44,13

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **FLUGE GALICIA S.L (B87037883)**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, **FLUGE GALICIA S.L**, o día 10 de agosto de 2020, que presenta a documentación requirida o 14 e 17 de agosto de 2020, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 19 de agosto de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar **FLUGE GALICIA S.L**, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,



Concello de Vigo

segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por **FLUGE GALICIA S.L.**, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 6 de agosto de 2020.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a **FLUGE GALICIA S.L (B87037883)** o procedemento aberto de servizos de produción, asistencia técnica e auxiliares para a realización de diversos espectáculos/concertos a celebrar con motivo do programa “VIGO EN FESTAS 2020” (8506-335) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 94.380 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.380 euros.*
 - b) *Comprometéndose a incrementar o número mínimo de controladores de acceso previsto no apartado 16.B.2.a para cada evento en 1 controlador.*
 - c) *Comprometéndose a incrementar o número mínimo de auxiliares previsto no apartado 16.B.2.a en 1 auxiliar.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(658).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS PABLO LESUITE, WOYZA Y BABY KATZE, BROKEN PEACH, VILLANUEVA, ELADIO E OS SERES QUERIDOS, SANTI ARAUJO E CORAL CASABLANCA, DENTRO DO PPROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2020”. EXPTE. 85027/335.

Visto o informe de fiscalización de data 20/08/2020, dáse conta do informe-proposta emitido pola Mesa de Contratación en data 20/08/2020, asinado polo xestor técnico dos expedientes de Festas e pola xefa do servizo de Contratación:

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación **das actuacións artísticas de “ PABLO LESUITE, WOYZA Y BABY KATZE, BROKEN PEACH, VILLANUEVA, ELADIO E OS SERES QUERIDOS, SANTI ARAUJO E CORAL CASABLANCA” DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020** (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 18 de agosto de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Declarar a urxencia do presente expediente.

Segundo:Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente do contrato **das actuacións artísticas de “ PABLO LESUITE, WOYZA Y BABY KATZE, BROKEN PEACH, VILLANUEVA, ELADIO E OS SERES QUERIDOS, SANTI ARAUJO E CORAL CASABLANCA” DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020** no formato en distintos puntos da cidade dentro do Festival de Verán, con motivo do programa “Vigo en Festas 2020”- Festival de Verán.

Terceiro Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de agosto de 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 18 de agosto de 2020 pola Xefa do Servizo de Contratación do contrato para as actuacións **PABLO LESUITE, WOYZA Y BABY KATZE, BROKEN PEACH, VILLANUEVA, ELADIO E OS SERES QUERIDOS, SANTI ARAUJO E CORAL CASABLANCA” DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020**

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 45,224,96 € , e sendo o valor estimado do contrato de 37.376,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- O 18 de agosto de 2020 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a **ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU** concedéndolle un prazo de 5 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.



Concello de Vigo

Terceiro.- Con data do 19 de agosto de 2020 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 19 de agosto de 2020, reúnense o xestor técnico de expedientes do servizo de festa coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación), na oficina de Contratación e proceden á apertura da oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, ábrese o “SOBRE A: DOCUMENTACIÓN PERSOAL”, que contén a seguinte documentación:

1. Documento Europeo Único de Contratación (DEUC).
2. Documentación acreditativa da solvencia económica e financeira.
3. Documentación acreditativa da solvencia técnica e profesional: certificados de boa execución por importe superior ao do prezo do contrato.
4. DNI do representante.
5. Acreditación dos dereitos exclusivos de “PABLO LESUITE, WOYZA Y BABY KATZE, BROKEN PEACH, VILLANUEVA, ELADIO E OS SERES QUERIDOS, SANTI ARAUJO E CORAL CASABLANCA”.
6. Anexo IV do PCAP.
7. Anexo II “declaración responsable”

Comprobarase polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, AEAT e Xunta de Galicia.

Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU

A continuación ábrese o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA” co seguinte resultado:

- Propón como prezo do contrato 45.224,96 euros., sendo o importe correspondente ao IVE de 7.848,96 euros.

Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP, ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Para os efectos de proceder á adxudicación do contrato, e de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP, comprobouse polo Servizo de Contratación que o licitador está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Tesourería Municipal, coa facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social. Toda esta documentación foi incorporada ao expediente.

Quinto.- Segundo o previsto na cláusula 18 do PCAP, se o licitador xa achegara ao sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, o xefe do servizo xestor e a xefa do Servizo de Contratación formularán a proposta de adxudicación á xunta de Goberno local, sen necesidade de clasificar a ofertas. Constando toda a documentación no expediente e sendo correcta, procede adxudicar este procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar **ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU**, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á xefa do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 19 de agosto de 2020 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a **ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU**. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das actuacións **PABLO LESUITE, WOYZA Y BABY KATZE, BROKEN PEACH, VILLANUEVA, ELADIO E OS SERES QUERIDOS, SANTI ARAUJO E CORAL CASABLANCA**” DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020. (8527-335) por un prezo total de 45,224,96 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 7.848,96 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(659).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DE “ MITIC, BLACK STEREO, OSCAR AVENDAÑO, FAMILY FOLK E INDY TUMBITA”, CON MOTIVO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2020”- FESTIVAL DE VERÁN. EXPTE. 8534/335.

Vistos os informes xurídico e de fiscalización, ambos do 21/08/2020, dáse conta do informe-proposta de data 21/08/2020, asinado polo xestor técnico de expedientes do servizo de Festas, polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“I.- ANTECEDENTES.

Con data 19 de agosto de 2020 o concelleiro delegado da area de Participación Cidadana e Festas , ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para **CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “ MITIC, BLACK STEREO, OSCAR AVENDAÑO, FAMILY FOLK e INDY TUMBITA” DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020** mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urgente.

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, de data 19 de agosto de 2020.
- A resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 19 de agosto de 2020
- Memoria económica, de data 19 de agosto de 2020.
- Documento económico, de data 20 de agosto de 2020.
- Carta de exclusividade asinada o 14 de agosto de 2020.
- Rider técnico e rider de hospitalidad.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 20 de agosto de 2020
- Memoria xustificativa, de data 20 de agosto de 2020, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP). O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do artista. A forma de tramitación do expediente será a urgente, conforme ao disposto no artigo 119 da LCSP.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).

- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do xervizo de contratación do 20 de agosto de 2020
- Prego de cláusulas administrativas do 20 de agosto de 2020

II.- CONDICIÓNS DEFINITORIAS DO CONTRATO.

1.- OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente contrato a realización dos concertos musicais de MITIC, BLACK STEREO, OSCAR AVENDAÑO, FAMILY FOLK e INDY TUMBITA dentro do festival de verán do Programa Vigo en Festas 2020 máis equipos de son e luces, e catering, xunto ao seu equipo técnico e humano necesario para o seu desenvolvemento.

2.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Dado o obxecto do contrato, consistente nunha actuación artística determinada, non é posible substituír a un artista concreto/grupo, neste caso MITIC, BLACK STEREO, OSCAR AVENDAÑO, FAMILY FOLK e INDY TUMBITA por outra persoa sendo lóxica a súa contratación a unha produtora xa que este tipo de contratos é de exclusividade da empresa representantes dos diferentes artistas aos que se pretende

3.- LOTES

Non. A natureza do obxecto do contrato non admite a súa división en lotes. En aplicación do artigo 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), non se considera viable a súa división en lotes, como consecuencia da exclusividade do obxecto do contrato ao tratarse dunha actuación concreta que só pode ser prestada polo artistas/grupos a contratar.

4.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

Forma de tramitación:

O expediente tramitarase polo procedemento **urxente**.



Concello de Vigo

Xustificación da urxencia: a urxencia da contratación ven motivada pola necesidade da adxudicación do contrato con anterioridade a execución da actividade festival de verán do Programa Vigo en Festas aprobado pola Xunta de Goberno local en data 9.07.2020, non habéndose tramitado con coa antelación suficiente en atención ao seguinte

- O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional e posteriormente o 13 de marzo de 2020, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Así mesmo o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarou en todo o territorio nacional o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 que tras un período inicial de quince días naturais foi obxecto de ata seis prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados
- O Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prevé, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, determinará que queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nas correspondentes provincias, illas ou unidades territoriais. Ademais, conforme o artigo 6 do mesmo real decreto, serán as comunidades autónomas as que poidan decidir, aos efectos do artigo 5 e consonte a criterios sanitarios e epidemiolóxicos, a superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa Comunidade e, polo tanto, a súa entrada na «nova normalidade».
- No DOG de data 13.06.2020 publicouse a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020 establecendo, entre outras, medidas concretas respecto a celebración de actividades recreativas e espectáculos públicos.
- Neste contexto, razóns de protección da saúde pública aconsellan a non execución do programa Vigo en Festas tal e como se vén realizando todos os anos respecto das actuacións e espectáculos no auditorio de Castrelos e co fin de buscar un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e

intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica a Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de xullo de 2020 prestou aprobación ao Programa de Vigo en Festas 2020 que comprende, entre outros, a realización dun Festival de verán con concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade actividades que, en todo caso, desenvolveranse conforme as medidas de prevención en materia COVID establecidas pola autoridade sanitaria e medidas de seguridade que correspondan segundo o marco legal vixente.

- En data 9.07.2020 procedeuse a apertura dun prazo de cinco días hábiles para a presentación de propostas para a “Programación artística dos concertos e espectáculos que se van a celebrar no marco do Festival de Verán dentro do Programa Vigo en Festas 2020.
- En data 31.07.2020 aprobouse inicialmente a programación e requiriuse a empresas que ostentan a representación dos artistas a achega de documentación de xeito que unha vez completa dita documentación en data 12.08.2020 aprobouse definitivamente a programación do Festival de Verán que terá como data de inicio o día 21.08.2020 e remate o 13.09.2020.

E por isto que o Concello, ata a publicación das medidas preventivas por parte da autoridade sanitaria respecto da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas non puido aprobar o programa Vigo en Festas 2020 (aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 9.07.2020) e posteriormente en data 12.08.2020 a programación do Festival de Verán, polo que se considerase conforme ao interese xeral a tramitación urxente do expediente ao fin de que se poida celebrar os concertos na data programada.

INTERPRETE/NOME DO GRUPO	DATA DA ACTUACIÓN	LUGAR
Mitic	6.09.2020	Torreiro Matamá
Black Stereo	6.09.2020	Torreiro Matamá
Oscar Avendaño	11.09.20	Bembrive
Family Folk	11.09.20	Bembrive
Indy Tumbita	11.09.20	Bembrive

O contrato definido ten a consideración de contrato privado de servizos, de acordo co establecido no artigo 17 e 25.1.a) da LCSP.

O procedemento de adxudicación que legalmente lle corresponde é o procedemento NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE por razón da exclusividade en aplicación do artigo 168 LCSP, ao concorrer o suposto incluído no apartado a). 2º de dito artigo: “Os órganos de contratación poderán adxudicar contratos utilizando o procedemento negociado sen a previa publicación dun anuncio de licitación unicamente nos seguintes casos: (...) Cando os...



Concello de Vigo

servizos só poidan ser encomendado a un empresario determinado, por algunha das seguintes razóns: que o contrato teña por obxecto a creación ou a adquisición dunha obra de arte ou representación artística única non integrante do Patrimonio Histórico Español, que non exista competencia por razóns técnicas; ou que proceda a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial”.

Concretamente , o contrato adxudicarase segundo os artigos 131, 168.2º e 170.2 LCSP á entidade mercantil Sweet Nocturna S.L.N.E. CIF B36.998.524 por razóns de exclusividade, por ser a única proveedora do servizo segundo escritos de data 4 de agosto de 2020 no que Joaquín Martínez Silva en representación da empresa Sweet Nocturna S.L.N.E. CIF B36.998.524, afirma que ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación dos artistas ” no Festival de Verán do Programa Vigo en Festas 2020 na cidade de Vigo

CODIFICACIÓN correspondente coa categoría CPV: 92312100-2 “Servizos artísticos de produtores de teatro, grupos de cantantes, bandas e orquestras”.

A circunstancia esencial para aplicar o procedemento negociado pola causa do citado artigo 168.a) da LCSP é que obxectivamente existe unha única empresa ou profesional capacitado para realizar a prestación obxecto do contrato, por razón de dereitos de exclusiva, Sweet Nocturna S.L.N.E. CIF B36.998.524. Non se propoñen materias obxecto de negociación por canto a oferta xa é pechada. Polo que se fixa unicamente un criterios de adxudicación, que é o prezo.

Dado que o procedemento desenvólvese cunha única empresa e existe un único criterio de negociación, non será necesaria a constitución da Mesa de Contratación.

5.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN.

A determinación dos prezos unitarios, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

1. O orzamento base de licitación co ive incluído ascende a **25.410 euros** correspondendo **4.410 € ao ive**. Dada á natureza do contrato non é posible separar a actuación do artista (caché) dos riders técnicos (equipos son e luces específicos, pantallas e catering)

O Orzamento base de licitación desglósase nos seguintes conceptos (IVE incluído, en todos os casos):

INTERPRETE/NOME DO GRUPO	Caché do artista sen ive	Reiders técnicos se ive	total sen ive	total con ive
Mitic	9.800,0 €	1.800,0 €	11.600,0 €	14.036,0 €
Black Stereo	1.500,0 €	1.800,0 €	3.300,0 €	3.993,0 €
subtotal	11.300,0 €	3.600,0 €	14.900,0 €	18.029,0 €
Oscar Avendaño	1.500,0 €	533,3 €	2.033,3 €	2.460,3 €

Family Folk	1.500,0 €	533,3 €	2.033,3 €	2.460,3 €
Indy Tumbita	1.500,0 €	533,3 €	2.033,3 €	2.460,3 €
subtotal	4.500,0 €	1.600,0 €	6.100,0 €	7.381,0 €
total	15.800,0 €	5.200,0 €	21.000,0 €	25.410,0 €

2. O valor estimado do contrato ascende a cantidade de **21.000 euros**. O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados nos artigos 101 e 102 da LCSP, por canto neste contrato non se prevé modificación nin prórroga.
3. O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluirá, como partida independente o IVE.
4. A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

6.- REVISIÓN DE PREZOS

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

7.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL.

Para o gasto que supón esta contratación existe consignación e financiamento suficiente con cargo á aplicación á partida 3380.227.9906 do orzamento vixente do programa orzamentario da Área de Festas e Turismo para o vixente exercicio económico.

O gasto imputarase ao orzamento do ano 2020 en toda a súa integridade.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

8.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

Prazo de execución

A duración do presente contrato será única e exclusivamente para actuar na data e lugar que a continuación se relaciona cunha duración mínima de cada actuación de 45 minutos.

INTERPRETE/NO ME DO GRUPO	DATA DA ACTUACIÓN	LUGAR	SUPERFICIE.	AFORO MAX.
Mitic	6.09.2020	Torreiro Matamá	1382 m2	480
Black Stereo	6.09.2020	Torreiro Matamá	1382 m2	480
Oscar Avendaño	11.09.2020	Bembrive	668 m2	222
Family Folk	11.09.2020	Bembrive	668 m2	222
Indy Tumbita	11.09.2020	Bembrive	668 m2	222



Concello de Vigo

O lugar de celebración pode sufrir modificacións por cuestións técnicas e/ou por causas de forza maior. Así mesmo o día e o horario poderá sufrir modificacións debido a condicións meteorolóxicas adversas que poñan en risco a seguridade dos artistas ou do público asistente.

As actuacións poderán verse modificadas ou canceladas por razóns sanitarias do COVID 19.

Prórroga

Dado a natureza do contrato, non está prevista a realización de prórroga.

9.- SOLVENCIA

A solvencia económica e financeira acreditarase, de conformidade co establecido no artigo 87 LCSP, polo medio ou medios que se sinalan a continuación:

Solvencia económica e financeira:

Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao prezo do contrato.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- **- Solvencia técnica e profesional:**

Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ao prezo do contrato.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do

empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

10.- MATERIAS OBJETO DE NEGOCIACIÓN E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

- a) Materias obxecto de negociación: Dada a natureza da prestación obxecto do contrato, interpretación única, e dada a imposibilidade de negociar sobre o modo de realizar os outros aspectos da mesma, luces, son, pantallas LED e cátering, non se fixan
- b) Criterios de adxudicación: O único criterio de adxudicación será o prezo.

11.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a única oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados.

12.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE:

No presente suposto non concorre ningún dos requisitos de incompatibilidade previstos no artigo 70 da LCSP.

13.- SUBCONTRATACIÓN

- 1.- Admítese a subcontratación. Establécense como tarefas críticas as actuacións musicais que non poderá ser obxecto de subcontratación por tratarse de prestacións personalísimas.
- 2.- A subcontratación rexerese polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 e a Disposición Adicional quincuaxésima primeira da Lei de Contratos do Sector Público.

14.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

En caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada do/da artista ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante este contrato, e previa acreditación desta circunstancia polo contratista, o órgano de contratación, coa súa conformidade, poderá modificar o contrato cambiando a data da actuación.

15.- RESPONSABLE DO CONTRATO

De conformidade co establecido no artigo 62 da LCSP, o órgano de contratación deberá designar un responsable do contrato (que pode ser unha persoa física ou xurídica, vinculada á entidade contratante ou allea a ela), ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aquel lle atribúa.

A fin de dar cumprimento ao citado artigo désígnase como responsable do contrato ao Xestor técnico de expedientes do Servizo de Festas.

16.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

Presentarase unha única factura unha vez realizada a prestación obxecto de contratación con suxeición aos requisitos que establece a Lei 25/2013 de 27 de decembro de Impulso de



Concello de Vigo

factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) Unidade tramitadora: GE0000660 ANIMACIÓN CULTURAL
- b) Oficina contable: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS
- c) Órgano xestor: L01360577 CONCELO DE VIGO

17.- SEGURO

O adxudicatario deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 600.000 €.

A empresa adxudicataria terá que presentar copia da póliza e copia do último recibo que xustifique que está ao corrente no pagamento ata finalizar o período de contratación.

O Concello de Vigo ten contratados os servizos de mediación, corredoría e asesoramento profesional para a xestión de riscos en que poida incorrer esta Administración con ARTAI CORREDURIA DE SEGUROS, S.A.

18.- LUGAR DE ENTREGA

O servizo desenvolverase segundo o indicado no apartado 8 desta memoria.

19.- DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

A celebración do espectáculo desenvolverase.

INTERPRETE/ NOME DO GRUPO	DATA DA ACTUA- CIÓN	HORA APOXIMADA DE COMEZO DA AC- TUACION	HORA APROXIMADA DE FINALIZACION DA AC- TUACION
Mitic	6.09.2020	21:15	22:30
Black Stereo	6.09.2020	22:40	23:30
Oscar Avenda- ño	11.09.2020	21:15	22:00
Family Folk	11.09.2020	22:10	23:00
Indy Tumbita	11.09.2020	23:05	23:50

* As horas poderán ser modificadas por condicións meteorolóxicas adversas que poñan en risco a seguridade dos artistas ou publico asistente.

20.- CONDICIONES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario as seguintes:

a) De tipo ambiental:

1. Xestionará os residuos xerados durante a execución do contrato e garantirá a súa correcta xestión.
2. Debe minimizar os ruídos e vibracións que poidan ocasionar molestias ós veciños e traballadores en horarios compatibles co descanso dos cidadáns.
3. Os residuos susceptibles de reciclado depositaranse en colectores independentes para facilitar o seu tratamento.

21.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN DO CONTRATO.

1.- A actuación poderá suspenderse cando concorra calquera causa grave, por razóns sanitarias motivadas polo COVID 19, ou de forza maior allea ao contratista e debidamente xustificada, que a faga imposible, entendéndose por tales, entre outras, perigo inminente para a vida ou a integridade das persoas ou inclemencias meteorolóxicas.

2.- A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes do contratista e do Concello, e deberá recollerse nun acta de conformidade firmada por ambas partes. Dita acta non será necesaria en caso de ser a causa motivada polo COVID 19.

3.-En caso de suspensión, fixarase unha data alternativa para a súa execución, de non ser posible dita data alternativa, procederase a resolución do contrato.

4.- En caso de resolución do contrato polas causas previstas no primeiro apartado desta cláusula, o contratista percibirá unha indemnización de 100,00 euros.

22.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

1.- A resolución do contrato terá lugar nos supostos fixados con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de servizos no artigo 313 de devandita Lei e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

2.- Ademais o contrato poderá ser resolto polo órgano de contratación cando se produza algún dos seguintes supostos:

- Só en caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada da ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.
- Será causa específica de resolución do contrato a actitude violenta ou falta de respecto dos artistas aos demais participantes ou asistentes.



Concello de Vigo

- Que o contratista perda os dereitos de exclusividade sobre o artista.
- A non comparecencia do grupo musical o día previsto para a actuación.
- Que o grupo musical compareza en circunstancias que lle impidan desenvolver a actuación con normalidade, tales como estar baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou substancias psicotrópicas ou similares.
- O incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.
- O incumprimento reiterado das obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e en particular as establecidas nos convenios que se recollen no Anexo V da LCSP.

23.- PRAZO DE GARANTÍA

Non é necesario pola propia natureza do contrato.

24.- CESIÓN DE DATOS E PROPIEDADE INTELECTUAL

Non existe cesión de datos.

25.- GASTOS

1.- O adxudicatario deberá satisfacer todos os impostos, contribucións e taxas que recaian sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.

2.- Serán por conta do Concello todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, relacionados coa produción técnica, xestión, publicidade do evento realizada polo Concello, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados.

26.- PERMISOS

O Concello, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

27.- INCUMPRIMENTOS CONTRACTUAIS

1.- Considerarase incumprimento contractual calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigacións derivadas do presente contrato.

2.- Os incumprimentos contractuais clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias conxuntas e ó maior ou menor prexuízo que se cause á administración ou os usuarios.

3.- Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgún dos incumprimentos contractuais previstos a continuación:

- a) **Incumprimento das condicións especiais de execución**
- b) **Incumprimento do criterio de adxudicación.** Para considerar que o incumprimento afecta ao criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumplido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada.
- c) **Mora no cumprimento do prazo**
- d) **Cumprimento defectuoso,** se ao tempo da recepción a prestación non se axustase ás prescricións establecidas para a súa execución

4.- Terán a consideración de **faltas MOI GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. A non comparecencia do grupo musical ou artista o día previsto para a actuación.
2. Que o grupo musical ou artista compareza en circunstancias que lle impidan desenvolver a actuación con normalidade, tales como estar baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou substancias psicotrópicas ou similares.
3. A non comparecencia dalgún dos músicos ou do persoal ao que se tivese comprometido o contratista na súa oferta ou fosen esixidos nos pregos que rexen esta contratación.
4. A non instalación de tres ou máis dos equipos estipulados no prego de prescricións técnicas ou, no seu caso, no rider presentado polo contratista.

5.- Terán a consideración de **faltas GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. Non instalar correctamente os equipos ou medios materiais esixidos no prego de prescricións técnicas ou, no seu caso, no rider.
2. A non instalación de dous dos equipos estipulados no prego de prescricións técnicas ou, no seu caso, no rider.
3. A mora de máis de 30 minutos no inicio da actuación do artista, por causas que lle sexan imputables.

6.- Terán a consideración de **faltas LEVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. A non instalación dun dos equipos estipulados no prego de prescricións técnicas ou, no seu caso, no rider.
2. A mora de máis de 15 minutos no inicio da actuación do artista, por causas que lle sexan imputables.
3. Falta de respecto ao público, ao persoal municipal ou axentes da autoridade.
4. Os altercados ou disputas entre persoal do contratista durante a execución do contrato.



Concello de Vigo

5. Calquera outro incumprimento non cualificado de falta grave ou moi grave neste prego.

28.- CRITERIOS DE GRADACIÓN DOS INCUMPRIMENTOS

Para determinar a gravidade dos incumprimentos contractuais atenderase aos seguintes **criterios de gradación**:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ao seu valor económico.
- c) Proceder voluntariamente, antes da imposición dunha penalidade polo órgano de contratación, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e a reparación do dano causado.

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Declarar a urxencia do presente expediente.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente do contrato das actuacións artísticas de “ **MITIC, BLACK STEREO, OSCAR AVENDAÑO, FAMILY FOLK e INDY TUMBITA**” **DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020** no formato en distintos puntos da cidade dentro do Festival de Verán, con motivo do programa “Vigo en Festas 2020”- Festival de Verán.

Terceiro Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 20 de agosto de 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 20 de agosto de 2020 pola Xefa do Servizo de Contratación do contrato para as actuacións “ **MITIC, BLACK STEREO, OSCAR AVENDAÑO, FAMILY FOLK e INDY TUMBITA**” **DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020**

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **25.410,00 €**, e sendo o valor estimado do contrato de **21.000,00 €** con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(660).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓN S ARTÍSTICAS DE “APHONIC, SOUL JACKET, CUARTETO CARAMUXO, SON TRIO ” DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020, CON MOTIVO DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS 2020”- FESTIVAL DE VERÁN. EXPTE. 8535/335.

Vistos os informes xurídico e de fiscalización, ambos do 21/08/2020, dáse conta do informe-proposta de data 21/08/2020, asinado polo xestor técnico de expedientes do servizo de Festas, polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“I.- ANTECEDENTES.

Con data 20 de agosto de 2020 o concelleiro delegado da area de Participación Cidadana e Festas , ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para **CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “APHONIC, SOUL JACKET, CUARTETO CARAMUXO, SON TRIO ” DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020** mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente.

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, de data 20 de agosto de 2020.
- A resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 20 de agosto de 2020.
- O contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2020, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2019 e publicado no perfil de contratante.

- Memoria económica, de data 20 de agosto de 2020.
- Documento económico, de data 20 de agosto de 2020.
- Carta de exclusividade asinada o 17 de agosto de 2020.
- Rider técnico e rider de hospitalidad.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 20 de agosto de 2020
- Memoria xustificativa, de data 20 de agosto de 2020, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP). O contrato adjudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, que ostenta os dereitos de exclusiva da actuación do artista. A forma de tramitación do expediente será a urxente, conforme ao disposto no artigo 119 da LCSP.
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).



Concello de Vigo

- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
- Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación do 20 de agosto de 2020
- Prego de cláusulas administrativas do 20 de agosto de 2020

II.- CONDICIÓN DEFINITORIAS DO CONTRATO.

1.- OBXECTO

Constitúe o obxecto do presente contrato a **“APHONIC, SOUL JACKET, CUARTETO CARAMUXO, SON TRIO”** realización dos concertos musicais de dentro do festival de verán do Programa Vigo en Festas 2020 máis equipos de son e luces, e catering, xunto ao seu equipo técnico e humano necesario para o seu desenvolvemento.

2.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Dado o obxecto do contrato, consistente nunha actuación artística determinada, non é posible substituír a un artista concreto/grupo, neste caso **“APHONIC, SOUL JACKET, CUARTETO CARAMUXO, SON TRIO”** por outra persoa sendo lóxica a súa contratación a unha produtora xa que este tipo de contratos é de exclusividade da empresa representantes dos diferentes artistas aos que se pretende

3.- LOTES

Non. A natureza do obxecto do contrato non admite a súa división en lotes. En aplicación do artigo 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), non se considera viable a súa división en lotes, como consecuencia da exclusividade do obxecto do contrato ao tratarse dunha actuación concreta que só pode ser prestada polo artistas/grupos a contratar.

4.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

Forma de tramitación:

O expediente tramitarase polo procedemento **urxente**.

Xustificación da urxencia: a urxencia da contratación ven motivada pola necesidade da adxudicación do contrato con anterioridade a execución da actividade festival de verán do Programa Vigo en Festas aprobado pola Xunta de Goberno local en data 9.07.2020 e

concretamente respecto a data prevista do concerto de APHONIC, o día 30.08.2020, non habéndose tramitado coa antelación suficiente en atención ao seguinte

- O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional e posteriormente o 13 de marzo de 2020, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19. Así mesmo o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarou en todo o territorio nacional o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 que tras un período inicial de quince días naturais foi obxecto de ata seis prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados
- O Real Decreto 555/2020, do 5 de xuño, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, prevé, no seu artigo 5, que a superación de todas as fases previstas no Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas para facer fronte á pandemia de COVID-19, determinará que queden sen efecto as medidas derivadas da declaración do estado de alarma nas correspondentes provincias, illas ou unidades territoriais. Ademais, conforme o artigo 6 do mesmo real decreto, serán as comunidades autónomas as que poidan decidir, aos efectos do artigo 5 e consonte a criterios sanitarios e epidemiolóxicos, a superación da fase III nas diferentes provincias, illas ou unidades territoriais da súa Comunidade e, polo tanto, a súa entrada na «nova normalidade».
- No DOG de data 13.06.2020 publicouse a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e modificada posteriormente por Resolución do 25 de xuño, que ten como obxecto, establecer as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, tras a superación da fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e ata o levantamento da declaración de situación de emerxencia sanitaria de interese galego efectuada polo Acordo do Consello da Xunta do 13 de marzo de 2020 establecendo, entre outras, medidas concretas respecto a celebración de actividades recreativas e espectáculos públicos.
- Neste contexto, razóns de protección da saúde pública aconsellan a non execución do programa Vigo en Festas tal e como se vén realizando todos os anos respecto das actuacións e espectáculos no auditorio de Castrelos e co fin de buscar un equilibrio entre a necesaria protección da saúde pública e o incremento no número e intensidade das actividades que favoreza a recuperación da vida social e económica a Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de xullo de 2020 prestou aprobación ao Programa de Vigo en Festas 2020 que comprende, entre outros, a realización dun Festival de verán con concertos e espectáculos de pequeno formato en distintos puntos da cidade actividades que, en todo caso, desenvolveranse conforme as medidas de prevención en materia



Concello de Vigo

COVID establecidas pola autoridade sanitaria e medidas de seguridade que correspondan segundo o marco legal vixente.

- En data 9.07.2020 procedeuse a apertura dun prazo de cinco días hábiles para a presentación de propostas para a “Programación artística dos concertos e espectáculos que se van a celebrar no marco do Festival de Verán dentro do Programa Vigo en Festas 2020.
- En data 31.07.2020 aprobouse inicialmente a programación e requiriuse a empresas que ostentan a representación dos artistas a achega de documentación de xeito que unha vez completa dita documentación en data 12.08.2020 aprobouse definitivamente a programación do Festival de Verán que terá como data de inicio o día 21.08.2020 e remate o 13.09.2020.

Así mesmo, como consecuencia da resolución da Concelleira de Festas e Turismo de data 9 de xullo de 2020 relativo á recepción de propostas para a “Programación artística dos concertos e espectáculos que se van a celebrar no marco do Festival de Verán dentro do programa VIGO EN FESTAS, resolveuse a tramitación do expediente de contratación de varios artistas, entre os que figura “**APHONIC, SOUL JACKET, CUARTETO CARAMUXO, SON TRIO** “ representados pola empresa *SINSAL AUDIO S.L. CIF B 36898369* , que afirmaba ter datas en exclusiva para a cidade de Vigo. Deste xeito segundo o programa aprobado contéplase as seguinte actuacións:

ARTISTA	DATA	LUGAR
Aphonic	30.08.2020	Candeán (novo torreiro)
Soul Jacket	30.08.2020	Candeán (novo torreiro)
Cuarteto Caramuxo	04.09.2020	Praza do Berbés
Son Trío	04.09.2020	Praza do Berbés

O contrato definido ten a consideración de contrato privado de servizos, de acordo co establecido no artigo 17 e 25.1.a) da LCSP.

O procedemento de adxudicación que legalmente lle corresponde é o procedemento NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE por razón da exclusividade en aplicación do artigo 168 LCSP, ao concorrer o suposto incluído no apartado a). 2º de dito artigo: “Os órganos de contratación poderán adxudicar contratos utilizando o procedemento negociado sen a previa publicación dun anuncio de licitación unicamente nos seguintes casos: (...) Cando os... servizos só poidan ser encomendado a un empresario determinado, por algunha das seguintes razóns: que o contrato teña por obxecto a creación ou a adquisición dunha obra de arte ou representación artística única non integrante do Patrimonio Histórico Español, que non exista competencia por razóns técnicas; ou que proceda a protección de dereitos exclusivos, incluídos os dereitos de propiedade intelectual e industrial”.

Concretamente , o contrato adxudicárase segundo os artigos 131, 168.2º e 170.2 LCSP á entidade mercantil *SINSAL AUDIO S.L. CIF B 36898369* por razóns de exclusividade, por ser a única proveedora do servizo segundo escritos de data 17 de agosto de 2020 no que Luís

Campos Alonso con NIF 36103520Y en representación da empresa SINSAL AUDIO S.L. CIF B 36898369, afirma que ostenta os dereitos exclusivos para a contratación da actuación dos artistas " no Festival de Verán do Programa Vigo en Festas 2020 na cidade de Vigo

CODIFICACIÓN correspondente coa categoría CPV: 92312100-2 "Servizos artísticos de produtores de teatro, grupos de cantantes, bandas e orquestras".

A circunstancia esencial para aplicar o procedemento negociado pola causa do citado artigo 168.a) da LCSP é que obxectivamente existe unha única empresa ou profesional capacitado para realizar a prestación obxecto do contrato, por razón de dereitos de exclusiva, SINSAL AUDIO S.L. CIF B 36898369. Non se propoñen materias obxecto de negociación por canto a oferta xa é pechada. Polo que se fixa unicamente un criterios de adxudicación, que é o prezo.

Dado que o procedemento desenvólvese cunha única empresa e existe un único criterio de negociación, non será necesaria a constitución da Mesa de Contratación

5.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN.

A determinación dos prezos unitarios, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

1. O orzamento base de licitación co iva incluído ascende a **21.707,40€** correspondendo **3.760,40€ ao iva**. Dada á natureza do contrato non é posible separar a actuación do artista (caché) dos riders técnicos (equipos son e luces específicos, pantallas e catering)

O Orzamento base de licitación desglosase nos seguintes conceptos (IVE incluído, en todos os casos):

INTERPRETE/ NOME DO GRUPO	Caché do artista sen iva	Reiders técnicos se iva	total sen iva	total con iva
Aphonic	4.500,00 €	1.135,00 €	5.635,00 €	6.818,35 €
Soul Jacket	3.800,00 €	1.135,00 €	4.935,00 €	5.971,35 €
subtotal	8.300,00 €	2.270,00 €	10.570,00 €	12.789,70 €
Cuarteto Caramuxo	3.600,00 €	1.135,00 €	4.735,00 €	5.729,35 €
Son Trío	1.500,00 €	1.135,00 €	2.635,00 €	3.188,35 €
subtotal	5.100,00 €	2.270,00 €	7.370,00 €	8.917,70 €
total	13.400,00 €	4.540,00 €	17.940,00 €	21.707,40 €

2. O valor estimado do contrato ascende a cantidade de **17. 940,00 euros**. O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados nos artigos 101 e 102 da LCSP, por canto neste contrato non se prevé modificación nin prórroga.
3. O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo e incluirá, como partida independente o IVE.



Concello de Vigo

4. A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

6.- REVISIÓN DE PREZOS

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

7.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DO 27 DE ABRIL.

Para o gasto que supón esta contratación existe consignación e financiamento suficiente con cargo á aplicación á partida 3380.227.9906 do orzamento vixente do programa orzamentario do servizo de Festas para o vixente exercicio económico.

O gasto imputarase ao orzamento do ano 2020 en toda a súa integridade.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

8.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA

Prazo de execución

A duración do presente contrato será única e exclusivamente para actuar na data e lugar que a continuación se relaciona cunha duración mínima de cada actuación de 45 minutos.

ARTISTA	DATA	LUGAR	SUPERFICIE m2.	AFORO MÁXIO PERSOAS.
Aphonic	30.08.2020	Candeán (novo torreiro)	2.530,00	843
Soul Jacket	30.08.2020	Candeán (novo torreiro)	2.530,00	843
Cuarteto Caramuxo	04.09.2020	Praza do Berbés	866,00	288
Son Trío	04.09.2020	Praza do Berbés	866,00	288

O lugar de celebración pode sufrir modificacións por cuestións técnicas e/ou por causas de forza maior. Así mesmo o día e o horario poderá sufrir modificacións debido a condicións meteorolóxicas adversas que poñan en risco a seguridade dos artistas ou do público asistente.

As actuacións poderán verse modificadas ou canceladas por razóns sanitarias do COVID 19.

Prórroga

Dado a natureza do contrato, non está prevista a realización de prórroga.

9.- SOLVENCIA

A solvencia económica e financeira acreditarase, de conformidade co establecido no artigo 87 LCSP, polo medio ou medios que se sinalan a continuación:

Solvencia económica e financeira:

Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao prezo do contrato.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

- **- Solvencia técnica e profesional:**

Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constituían o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ao prezo do contrato.

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

10.- MATERIAS OBJETO DE NEGOCIACIÓN E CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

- a) Materias obxecto de negociación: Dada a natureza da prestación obxecto do contrato, interpretación única, e dada a imposibilidade de negociar sobre o modo de realizar os outros aspectos da mesma, luces, son, pantallas LED e cátering, non se fixan
- b) Criterios de adxudicación: O único criterio de adxudicación será o prezo.

11.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS

Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a única oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados.

12.- CONDICIÓNS ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE:

No presente suposto non concorre ningún dos requisitos de incompatibilidade previstos no artigo 70 da LCSP.

13.- SUBCONTRATACIÓN



Concello de Vigo

- 1.- Admítese a subcontratación. Establécense como tarefas críticas as actuacións musicais que non poderá ser obxecto de subcontratación por tratarse de prestacións personalísimas.
- 2.- A subcontratación rexerase polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 e a Disposición Adicional quincuaxésima primeira da Lei de Contratos do Sector Público.

14.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

En caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada do/da artista ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante este contrato, e previa acreditación desta circunstancia polo contratista, o órgano de contratación, coa súa conformidade, poderá modificar o contrato cambiando a data da actuación.

15.- RESPONSABLE DO CONTRATO

De conformidade co establecido no artigo 62 da LCSP, o órgano de contratación deberá designar un responsable do contrato (que pode ser unha persoa física ou xurídica, vinculada á entidade contratante ou allea a ela), ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aquel lle atribúa.

A fin de dar cumprimento ao citado artigo désígnase como responsable do contrato ao Xestor técnico de expedientes do Servizo de Festas.

16.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

Presentarase unha única factura unha vez realizada a prestación obxecto de contratación con suxeición aos requisitos que establece a Lei 25/2013 de 27 de decembro de Impulso de factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) Unidade tramitadora: GE0000660 ANIMACIÓN CULTURAL
- b) Oficina contable: GE0000575 SERVICIOS ECONÓMICOS
- c) Órgano xestor: L01360577 CONCELLO DE VIGO

17.- SEGURO

O adxudicatario deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra a responsabilidade civil cunha cobertura mínima de 600.000 €.

A empresa adxudicataria terá que presentar copia da póliza e copia do último recibo que xustifique que está ao corrente no pagamento ata finalizar o período de contratación.

O Concello de Vigo ten contratados os servizos de mediación, corredoría e asesoramento profesional para a xestión de riscos en que poida incorrer esta Administración con ARTAI CORREDURIA DE SEGUROS, S.A.

18.- LUGAR DE ENTREGA

O servizo desenvolverase segundo o indicado no apartado 8 desta memoria.

19.- DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO

A celebración do espectáculo desenvolverase.

INTERPRETE/NO ME DO GRUPO	DATA DA ACTUACIÓN	HORA APOXIMADA DE COMEZO DA ACTUACION	HORA APROXIMADA DE FINALIZACION DA ACTUACION
Aphonic	30.08.2020	21:15	22:30
Soul Jacket	30.08.2020	22:40	23:45
Cuarteto Caramuxo	04.09.2020	21:15	22:30
Son Trío	04.09.2020	22:40	23:45

* As horas poderán ser modificadas por condicións meteorolóxicas adversas que poñan en risco a seguridade dos artistas ou público asistente.

20.- CONDICIONES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario as seguintes:

a) De tipo ambiental:

1. Xestionará os residuos xerados durante a execución do contrato e garantirá a súa correcta xestión.
2. Debe minimizar os ruídos e vibracións que poidan ocasionar molestias ós veciños e traballadores en horarios compatibles co descanso dos cidadáns.
3. Os residuos susceptibles de reciclado depositaranse en colectores independentes para facilitar o seu tratamento.

21.- CAUSAS DE SUSPENSIÓN DO CONTRATO.

1.- A actuación poderá suspenderse cando concorra calquera causa grave, por razóns sanitarias motivadas polo COVID 19, ou de forza maior allea ao contratista e debidamente xustificada, que a faga imposible, entendéndose por tales, entre outras, perigo inminente para a vida ou a integridade das persoas ou inclemencias meteorolóxicas.

2.- A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes do contratista e do Concello, e deberá recollerse nun acta de conformidade firmada por ambas partes. Dita acta non será necesaria en caso de ser a causa motivada polo COVID 19.

3.- En caso de suspensión, fixarase unha data alternativa para a súa execución, de non ser posible dita data alternativa, procederase a resolución do contrato.



Concello de Vigo

4.- En caso de resolución do contrato polas causas previstas no primeiro apartado desta cláusula, o contratista percibirá unha indemnización de 100,00 euros.

22.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

1.- A resolución do contrato terá lugar nos supostos fixados con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da LCSP e especificamente para o contrato de servizos no artigo 313 de devandita Lei e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

2.- Ademais o contrato poderá ser resolto polo órgano de contratación cando se produza algún dos seguintes supostos:

- Só en caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada da ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.
- Será causa específica de resolución do contrato a actitude violenta ou falta de respecto dos artistas aos demais participantes ou asistentes.
- Que o contratista perda os dereitos de exclusividade sobre o artista.
- A non comparecencia do grupo musical o día previsto para a actuación.
- Que o grupo musical compareza en circunstancias que lle impidan desenvolver a actuación con normalidade, tales como estar baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou substancias psicotrópicas ou similares.
- O incumprimento reiterado da normativa laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde laboral, ou da Guía de Coordinación de Actividades Empresariais do Concello de Vigo, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 61 do 29 de marzo de 2011.
- O incumprimento reiterado das obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral establecidas no dereito da Unión Europea, o dereito nacional, os convenios colectivos ou polas disposicións de dereito internacional ambiental, social e laboral que vinculen ao Estado e en particular as establecidas nos convenios que se recollen no Anexo V da LCSP.

23.- PRAZO DE GARANTÍA

Non é necesario pola propia natureza do contrato.

24.- CESIÓN DE DATOS E PROPIEDAD INTELECTUAL

Non existe cesión de datos.

25.- GASTOS

1.- O adxudicatario deberá satisfacer todos os impostos, contribucións e taxas que recaian sobre o contrato ou, se é o caso, sobre o obxecto do contrato.

2.- Serán por conta do Concello todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, relacionados coa produción técnica, xestión, publicidade do evento realizada polo Concello,

pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados.

26.- PERMISOS

O Concello, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

27.- INCUMPRIMENTOS CONTRACTUAIS

1.- Considerarase incumprimento contractual calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigacións derivadas do presente contrato.

2.- Os incumprimentos contractuais clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ó maior ou menor prexuízo que se cause á administración ou os usuarios.

3.- Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgún dos incumprimentos contractuais previstos a continuación:

a) Incumprimento das condicións especiais de execución

b) Incumprimento do criterio de adxudicación. Para considerar que o incumprimento afecta ao criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultase que a súa oferta non sería a mellor valorada.

c) Mora no cumprimento do prazo

d) Cumprimento defectuoso, se ao tempo da recepción a prestación non se axustase ás prescricións establecidas para a súa execución

4.- Terán a consideración de **faltas MOI GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. A non comparecencia do grupo musical ou artista o día previsto para a actuación.
2. Que o grupo musical ou artista compareza en circunstancias que lle impidan desenvolver a actuación con normalidade, tales como estar baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou substancias psicotrópicas ou similares.
3. A non comparecencia dalgún dos músicos ou do persoal ao que se tivese comprometido o contratista na súa oferta ou fosen esixidos nos pregos que rexen esta contratación.
4. A non instalación de tres ou máis dos equipos estipulados no prego de prescricións técnicas ou, no seu caso, no rider presentado polo contratista.

5.- Terán a consideración de **faltas GRAVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. Non instalar correctamente os equipos ou medios materiais esixidos no prego de prescricións técnicas ou, no seu caso, no rider.
2. A non instalación de dous dos equipos estipulados no prego de prescricións técnicas ou, no seu caso, no rider.



Concello de Vigo

3. A mora de máis de 30 minutos no inicio da actuación do artista, por causas que lle sexan imputables.

6.- Terán a consideración de **faltas LEVES** os seguintes supostos de cumprimento defectuoso:

1. A non instalación dun dos equipos estipulados no prego de prescricións técnicas ou, no seu caso, no rider.
2. A mora de máis de 15 minutos no inicio da actuación do artista, por causas que lle sexan imputables.
3. Falta de respecto ao público, ao persoal municipal ou axentes da autoridade.
4. Os altercados ou disputas entre persoal do contratista durante a execución do contrato.
5. Calquera outro incumprimento non cualificado de falta grave ou moi grave neste prego.

28.- CRITERIOS DE GRADACIÓN DOS INCUMPRIMENTOS

Para determinar a gravidade dos incumprimentos contractuais atenderase aos seguintes **criterios de gradación**:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ao seu valor económico.
- c) Proceder voluntariamente, antes da imposición dunha penalidade polo órgano de contratación, ao cumprimento da obriga ou deber infrinxido e a reparación do dano causado.

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Declarar a urxencia do presente expediente.

Segundo: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente do contrato **das actuacións artísticas de “APHONIC, SOUL JACKET, CUARTETO CARAMUXO, SON TRIO ” DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020** no formato en distintos puntos da cidade dentro do Festival de Verán, con motivo do programa “Vigo en Festas 2020”- Festival de Verán.

Terceiro Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 20 de agosto de 2020 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de 20 de agosto de 2020 pola Xefa do Servizo de Contratación do contrato para as actuacións **“APHONIC, SOUL JACKET, CUARTETO CARAMUXO, SON TRIO ” DENTRO DO PROGRAMA VIGO EN FESTAS 2020**

Cuarto: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 21.707,40 € , e sendo o valor estimado do contrato de 17.940,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 (Festas de Vigo)

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

SGF/rs.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez